

G. Navaza (2009): “As *estibadas* ou *estivadas*. Nota etimolóxica”, *Estudos de lingüística galega* 1, 225-233.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

As *estibadas* ou *estivadas*. Nota etimolóxica

Gonzalo Navaza
Universidade de Vigo

Recibido o 10/10/2008. Aceptado o 07/11/2008

The *estibadas* or *estivadas*. An etymological note

Resumo

Nesta nota pretendo iluminar a etimoloxía do substantivo galego *estibada* / *estivada*, moi común como topónimo, e a doutros termos pertencentes á mesma familia léxica. Achego exemplos tirados da documentación medieval e razóns semánticas e fonéticas que contradín a etimoloxía máis difundida, segundo a cal tería relación co latín *AESTAS* e *AESTIVUS*. Sosteo a etimoloxía que o explica a partir do verbo *STIPARE*. Razoo a evolución do significado de *estibada* a partir de 'terreo cercado con sebes ou estacas' e ocúpome dalgúns posibles exemplos de pervivencia dun significado patrimonial de *estiba* 'estaca'. Baseándome nesa etimoloxía, defendo a grafa con *b* empregada pola Comisión de Toponimia no ditame dos topónimos que conteñen o nome *estibada*, en contra da grafa con *v*, que é a máis consolidada na nosa tradición lexicográfica e a que figura actualmente no Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega.

Palabras chave

Léxico, toponimia, etimoloxía, ortografía.

Sumario

1. *Estibada* ou *estivada* en obras lexicográficas. 2. *Estibar*. 3. Atestacións medievais. 4. Etimoloxía.

Abstract

In this note I explain the etymology of the Galician noun *estibada* / *estivada*, very common as a placename, and other words belonging to the same lexical family. I offer several examples taken from medieval documents, together with certain semantic and phonetic arguments, which contradict a more widely proposed etymology linking these words to Latin *AESTAS* and *AESTIVUS*. I defend an alternative proposal relating it to the Latin verb *STIPARE*. I posit the development of *stibada* from the original meaning 'area surrounded by hedges or sticks' and consider possible examples of the survival of the inherited meaning of *estiba* as 'stick'. In view of this etymology, I argue for the spellings with *b* that are employed by the Comisión de Toponimia de Galicia in placenames containing *estibada*, rather than *v* which is more widespread in our lexicographical tradition and given at present in the Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega.

Keywords

Lexicon, toponymics, etymology, spelling

Contents

1. *Estibada* or *estivada* in lexicographic works. 2. *Estibar*. 3. Medieval documentation. 4. Etymology.

1. *ESTIBADA* / *ESTIVADA* EN OBRAS LEXICOGRAFICAS

Sarmiento recolle coas grafías *estibada* e *estivada* este substantivo:

Es la roza que se hace en el monte para quemar la broza y después arar la tierra y sembrarla de trigo o centeno (en Pontevedra cachar). O viene de *esteva* o mejor de *aestiva*, aludiendo al verano, que es cuando se quema, o de *aestus*. (Sarmiento, CatálogoVF 1745-1755, en Santamarina 2004:s.v.).

Ese significado que lle asigna Sarmiento a mediados do século XVIII é o que figura en case todos os dicionarios do galego. En Reguera (1840-1858): "Lo mismo que roza: es un terreno de monte calvo, que se cierra y se le alza el cesped, se quema y se le siembra centeno o trigo. (Santamarina 2004: s.v.). En Valladares (1884): "Monte, ó terreno inculto, cuya broza se cava y quema, para en él sembrar despues alguna cosa" (Santamarina 2004: s.v.). En Filgueira e outros (1926): "sf. Monte o terreno inculto cuya broza se cava y quema para luego sembrarlo" (Santamarina 2004: s.v.), etc.

Ás veces especificase que as *estibadas* ou *estivadas* se practican no monte de man común. Así Carré (1974, 4ª): "Partición provisional que, de vez en cuando, se hace en un monte comunal para roturarlo y sembrarlo con objeto de obtener una cosecha de trigo o avena y después renovarlo." (Santamarina 2004: s.v.); Eladio Rodríguez (1958-61): "Distribución que hacen los vecinos de un monte comunal para aprovecharlo entre ellos..." (Santamarina 2004: s.v.), etc. E Aníbal Otero (1949-1977): "Parte de un monte en condominio que se parcela y se cava para una cosecha de cereales, restableciéndose luego el aprovechamiento común sin cultivo, en Berres. Montoncillo de terrones secos que se queman (...). Del lat. *stipa*." (Santamarina 2004: s.v.).

Nalgúns dicionarios galegos e portugueses recóllese tamén un substantivo *estiva*, variante de *estivada* e distinto doutro *estiva* relacionado coa carga das embarcacións e co verbo *estivar* ou *estibar*, que trataremos máis adiante. Así, en Alonso Estravís (1995, s.v. *estiva*) lemos: "Estiva, s.f. Campo en que se labrou trigo ou centeio e que se torna a labrar para semear millo seródio. Sinón. *Estivada* [Latín *stiva*]". Esta vinculación do termo co latín *STIVA* contradíse coa etimoloxía que o mesmo Alonso Estravís ofrece para o sinónimo *estivada* (s.v.), que considera derivado de *AESTIVUS*, coincidindo na hipótese defendida por Corominas e outros, como veremos, e que xa fora suxerida por Sarmiento.

O dicionario portugués de Morais recolle *estiva* cunha definición case idéntica ("*provinc. minh.* Campo em que se segou centeio e que se lavra logo para sementeira de milho seródio"), caracterizándoo como propio do portugués miñoto, mais sen atribución de étimo (Morais 1958 s.v. *estiva*²), en tanto que para a outra entrada homónima (a relacionada coa carga das embarcacións) dá como étimo o latín *stiva* (Morais 1958 s.v. *estiva*¹). O dicionario da Academia das Ciéncias de Lisboa (2004, s.v. *estiva*²) tamén recolle en entradas distintas esas dúas *estiva*; a primeira explícaa como derivado regresivo do verbo *estivar* (e este de *STIPĀRE*), en tanto que a equivalente á nosa *estibada* vén definida así: "(Do lat. *stiva* 'Rabiça do arado'). Region. (Minho). Campo de milho seródio, anteriormente semeado de centeio e trigo". Dalgunha destas fontes debe de tomar tamén a súa información o dicionario Cumio, que considera o galego *estivada* como "deriv. do lat. *stīva* 'rabela, rabiza, caderna'" (Pena 2004: s.v.).

O portugués medieval rexistra este substantivo co mesmo significado de hoxe; nas *inquirições* de Afonso III (1258) atopamos referencia ao *pan de estiva* ("Item de Campo de Ripa I almude de pane d estiva") que interpretamos como cereal cultivado en terras gañadas ao monte, equivalente ao *grao de revolta* da documentación medieval galega (Navaza 2007: 54).

Para o castelán, o dicionario da Real Academia Española inclúe, desde a edición de 1899, o substantivo *estivada*, acaso como voz propia do noroeste peninsular, aínda que sen indicar localización. Defíneo como "Monte o terreno inculto cuya broza se cava y quema para meter-

¹ PMH, I, Tomo I. Inquirições de D. Afonso III. Quinta alçada, p. 1456. "In collatione Sancti Petri d Ermeriz" (hoxe Esmeriz, en Vila Nova de Famalicão).

lo en cultivo". A mesma explicación (co cambio de *meterlo* por *ponerlo* a partir de 1992) figura en tódalas edicións posteriores (DRAE: s.v.).

Fronte aos significados comúns expostos nos parágrafos precedentes, o dicionario de Pintos (c. 1865) daba unha explicación e unha etimoloxía diferentes para *estibada*: "Seto, de stipes, tis, estaca." (Santamarina 2004: s.v.). Debemos interpretar que ese *seto* serían as sebes que pechan un terreo gañado ao monte para o seu cultivo. Xa vimos que Reguera (1840) explicaba que a *estivada* era un terreo de monte calvo "que se cierra". Eladio Rodríguez (1858-61) recolle así mesmo para *estiva* e *estivada* significados próximos aos que daba para *estibada* Pintos, explicando o primeiro destes termos como: "Seto, cercado de estacas o palos. / Cercado de matas y arbustos que rodea una heredad. / Cierre de una finca labrantía, que se hace con terrones; ESTIVADA" (Santamarina 2004: s.v. *estiva*).

Para indagarmos na orixe deste substantivo non podemos desprezar este trazo semántico de 'terreo cercado', vinculado á acepción de 'sebe' ou 'cercado de estacas ou paus' que recollen Pintos e Eladio, por máis que calquera terreo de monte que se cultivaba debía pecharse forzosamente para evitar que entrase nel o gando que pacía no comunal. O substantivo *estivada* ~ *estibada* ten presenza abundante na nosa toponimia, mesmo como nome de entidade de poboación (o Nomenclátor recolle nove localidades chamadas *A Estibada*, *Estibadiña* ou *As Estibadas*), e non parece haber dúbida de que en orixe estes topónimos designaron terras gañadas ao monte para o cultivo. Dentro dos topónimos pertencentes a ese campo semántico, tan ilustrativos da expansión das actividades agrícolas, interesa saber se as *estibadas* reciben o seu nome do procedemento de roturación e preparación para a actividade agrícola (coma *arada*, *brita*, *decrúa*, *cavada*, *cachada*, *roza*, *rozada*, *rotea* ou *arrotea*, *vesada*, *cernada*, *queimada*...) ou ben da súa condición de terreos cercados (coma en *chousa*, *cerrada*, *zarra*, *tapada*...).

2. ESTIBAR

A morfoloxía de *estibada* ~ *estivada* é a dunha forma feminina de participio, pero os dicionarios non inclúen o verbo correspondente. Acevedo e Fernández (1932) recollen no bable occidental un verbo *estibar*, que dan como equivalente de *arar* (Santamarina 2004: s.v.). Non sabemos se os autores o rexistraron así na fala ou se é un significado inferido, sexa por eles ou polos informantes, a partir do substantivo *estibada*; e se cadra podemos dicir outro tanto do *estibar* que recolle Constantino García (1985, en Santamarina 2004: s.v.) como variante, localizada en Friol, dun infinitivo *estibadar*, recollido noutros tres puntos. Esta última forma só se explica como recreación a partir do substantivo *estibada*.

Existe nas linguas románicas un verbo *estibar* (esp.), *estibar* (cat.) *estivar* (pt.), *estiver* (fr.), *stivare* (it.) con significados como 'apertar, calcar cousas soltas para que ocupen o menor espazo posible' ou 'distribuír a carga dunha embarcación'; e tamén, como derivado regresivo deste verbo, un substantivo *estiva*, *estiba*, *estive* 'acción de repartir a carga, especialmente nunha embarcación' ou 'parte da embarcación onde se acomoda a carga'. En xeral, a tradición lexicográfica non considera que este verbo e este substantivo garden relación coas nosas *estibadas* ou *estivadas*.

No dicionario etimolóxico de Machado considérase de orixe italiana o verbo portugués *estivar* referido a cargamentos: "do it. *stivare*, este do lat. *stipāre*" (Machado 1977: s.v.). A mesma opinión recóllese no Aurélio: "*estivar*. (Do lat. *stipare*, poss. pelo it. *stivare*)" (Ferreira 1999: s.v.). O dicionario Houaiss (2004: s.v. *estiva*, *estivar*) tamén atribúe ao italiano *stivare* o portugués *estivar*. Concorda con esa orixe a data relativamente serodia das atestacións portuguesas (*estivar* no XVI, algo antes *estiva*, grafado como *estiba*, no XV). Non parece fiable unha suposta atestación de *estivar* en portugués no século XIII, mencionada no dicionario Houaiss².

² A data que se ofrece para *estivar* é "talvez a 1566", coa dúbida provocada por outra posible primeira atestación do século XIII (Houaiss 2004, s.v. *estivar*, s.v. *estivado*), tomada do Vocabulário Histórico-Cronológico do Português Medieval de A. G. da Cunha. Un exame do contexto desa atestación (procede de M. P. Merea: "A versão portuguesa das Flores de las leyes de Jácome Ruiz", Revista da Universidade de Coimbra n.º 6, pp. 343-371, 1916-17) permite sospeitar que non se corresponde co *estivar* actual e semella erro de lectura por *estimar*: "deue o juyz entregar ao demandador en ualya de tanto[s] béés de que e uençudo quanto estuiar o juyz".

En francés o verbo correspondente *estiver*, relativo á acomodación dos cargamentos, tamén se rexistra relativamente tarde, a partir do XVI, e considérase así mesmo tomado do italiano (Dauzat 1964: s.v. *estive, estiver*; Rey 2000: s.v. *estiver*).

En castelán, atendendo á data das primeiras atestacións de *estibar* (ou *estivar*), que son do século XV (Nieto / Alvar 2007: s.v.; DCECH s.v.) tamén é probable que proceda do italiano. E acaso podemos dicir o mesmo do catalán *estibar*, cuxa primeira documentación corresponde ao último terzo do século XIV (Alcover 1993: s.v. *estibar*). Corominas, non obstante, cre que

no hay fundamento alguno para suponer que el cast. *estibar* sea italianismo (...); el it. *stivare* (...) o *stipare*, el langued. *estibà* 'poner tirante, tenso', prov. *estiblà* íd., cat. *estibar* 'estibar', port. *estivar* íd., serán también representantes autóctonos de la voz latina, que no hay motivo para suponer palabra migratoria en romance (con la excepción del fr. *estiver*, probablemente de origen italiano). (DCECH s.v. *estibar*)

Concordamos con Corominas en que algunhas das acepcións do latín *STĪPARE* deixaron descendencia patrimonial nos romances, polo menos nos hispánicos, independentemente de que outras acepcións (as relacionadas coa terminoloxía náutica e o cargamento ou almacenamento de mercadorías) sexan ou non italianismos. Semella que entre eses descendentes debemos contar *estibada* e outros termos galegos emparentados. Naturalmente, outras voces relacionadas con *STĪPARE* como *constipar* (fr. *constiper* etc.) son cultismos incorporados serodiamente.

3. ATESTACIÓNS MEDIEVAIS DO TERMO GALEGO

Na documentación medieval de Galicia localizamos exemplos do substantivo *estivada* na súa forma romance. Aínda que non proporcionan información precisa sobre o significado do termo, algún corrobora que se trata de terreos labrados no monte. Os seguintes están tomados do TMILG:

Item mayés, o noso agro que chaman da Porta, con todo seu chantado, como departe d -outro voso agro de vos, o dito Fernán Peres, et departe da **Estivada** da vos dos Anayas et da herdade de Iohanne. [MSPT | 1314 | doc. 19, páx. 253 | Trasancos, Neda (Trasancos, Neda-C) (mosteiro San Salvador de Pedroso)].

Item mando a Johan Migelez, clérigo de Pereyra, por deueda que lle deuo o pam da **estiuada** que jaz entre **as estiuadas** do Amenal. [FDUSC | 1326 | doc. 63, páx. 65 | Santiago (Santiago de Compostela-C)].

Item mando a Johan Martinz do Amenal por alguna errança, se lla fiz, o pam da outra **estiuada** que jaz entre as gorueas sobre la casa de Soellanes, que fuy de meu padre. [FDUSC | 1326 | doc. 63, páx. 65 | Santiago (Santiago de Compostela-C)].

Item vos arrandamos et aforamos o agro que chaman da Porta, con seu chantado que en él está, como departe do agro que foy da Fernán Pérez Tinnoso, et departe da **estivada** de vos dos Anayas, et departe da herdade de Iohannes, et departe da leyra de Dominga Martínez et do agro que ora ten Iohán dos da Riba; de que nos avedes a dar, por renda en cada hun anno, çinco soldos. [MSPT | 1346 | doc. 21, páx. 256 | Ferrol (Ferrol-C)].

... Grueyro que vos assy aforamos forẽ a **fazer et labrar estiuadas enos dictos montes** da dicta Graña de Carnẽs que se ... [DGS13-16 | 1474 | doc. 69, páx. 153 | (Sobrado dos Monxes-C)].

No seguinte documento en latín, que tomamos do CODOLGA, aparece tamén a forma romance deste substantivo, malia a desinencia de acusativo:

quomodo se departet de ecclesia dicti sancti Laurenti et quomodo departet se de Sancto Vincencio, et deinde per ipsam **estivadam** de Petro Melle [ano 1243, Fernández de Viana et al. *Caaveiro*, nº 37. nº 38]

Outra atestación en latín, tamén tomada do CODOLGA, é un documento de Sobrado, sen data pero atribuíble aos séculos XIII ou XIV; contén información que axuda a entender un dos significados orixinais do termo:

DE BRION orta est contentio inter fratres Superaddi ex una parte et fratres Sancti Martini de Iuuia super unam **estiuadam** quam fratres de Brione fecerunt in monte inculto de Brione superiori, et de uenerunt inde in presentia principis terre domni Roderici Gomet qui posuit inquisitores domnum Mateum de Siloure et domnum Nunonem Iohannis de Sarantis et Ouecum Froile presbiter de Leixa et Martinum Petri presbiter de Sedis, qui uenientes dixerunt quod terra culta de Brione superiori erat diuisa inter eos per marcos et diuisiones factas **et mons incultus non erat diuisus**, et quod fratres Superaddi habebant de monte inculto tres quartas cum suis heredibus et fratres de Sancto Martino habebant quartam. dixerunt etiam quod frater Petrus Fernandi qui eo tempore erat procurator monasterii de Iuuia defenderat magistro de Brion predictam **estiuadam** (...) fratres Sancti Martini nolentes hoc facere coadunauerunt multitudinem grandem hominum et fuerunt ad **estiuadam** et miserunt boues in seminata et magister stetit ante boues cum fratribus suis, quod uidentes fratres Sancti Martini accesserunt cum armis, laceis, gladiis, cultellis et brosis et fustibus, et percusserunt et uulnerauerunt fratres et dederunt unam brossadam et unam lanzadam in equo qui sedebat magister de Brione uolentes illum occidere ruperunt capam magister cum lancea et posuerunt fratres Iuuia per uiolentia de ipsa **estiuada** fratres de Superaddo et magister de Brione pedibus caballi euasit manus eorum" [Loscortales, Tumbos Sobrado 2, n° 390, páx. 368-369, en CODOLGA].

Os mosteiros de Sobrado e de San Martiño de Xuvia compartían dereitos e propiedades en terras de Brión, en Ferrol. As terras cultivadas tiñan marcos e divisións, pero o monte inculto (do cal correspondían tres cuartas partes a Sobrado e unha cuarta a Xuvia) non estaba dividido, e foi a realización dunha estibada o que desencadeou o enfrontamento, co seu episodio de violencia armada e mailo litixio que deu lugar ao documento.

Non rexistramos atestacións romances do correspondente verbo *estivar, pero si atopamos *stipare* en documentos en latín datados no século VIII, todos eles de Lugo, pertencentes ao conxunto dos chamados documentos odoarianos. A data é dubidosa, pois non se conservan os orixinais, mais aínda que as copias poidan conter interpolacións un ou dous séculos posteriores á súa data, a información lingüística que conteñen é igualmente válida, e en calquera caso anterior ás atestacións arriba mencionadas. Máis ca polo -p- das graffias (que podería ser unha hiperlatinización, aínda que cremos que non o é), interesan estes textos polo significado que revelan, que é o de 'cercar' ou 'demarcar', e vemos que non só se aplica a montes incultos, senón tamén a propiedades en xeral, mesmo a *villae*, e vai acompañado ás veces dun complemento preposicional como *stipare in circuitu*, *stipare per terminos anticos* ou locucións semellantes.

ipsam urbem, et uniuersam prouinciam studuit restaurare, hac propria familia **stipauit** (ano 745, Floriano Cumbreño, *Diplomática española del periodo astur*, n° 4; dátao en 745 Risco, M., *España Sagrada*, 40-41, n° 9; en 760 García Conde, *Documentos Odoarianos*, n° 2; en CODOLGA).

uilla Parata cum ecclesia sancti Iohannis **constipata** de familia mea pro suis terminis ab integro (...) ecclesia sancto Felici de Raimundi cum adiunctionibus eius **stipata** de familia mea (...) ecclesia sancte Marie de Uallanti cum adiunctionibus suis **stipata** de familia mea () ecclesia sancti Mameti de Tomati cum **duas uillas stipatas** de familia mea (...) **uilla Framilani stipata** de familia mea ab integro (...) **sancto Iuliano de Silaonia stipata de familia mea** (...) in Auiancos **uilla Salamiri stipata de familia mea**, cum ecclesia sancti Laurenti ab integro, alia **uilla de Paratella cum ecclesia sancti Pelagii stipata de familia mea ab integro** (...) uilla de Garauaos ecclesia sanctorum Cosme et Damiani **ab integro stipata** de familia mea (...) et alia uilla hic supra ecclesia sancti Petri; **ab integro stipata de familia mea per suis terminis** (...) sancte Marie de Saure que fuit de Arimatica cum suo canale et suos sautos **ab integro stipata** de familia mea, sancto Martino de insula Miranti **stipata** de familia mea, in territorio sancte Ololalie de Latriti, et sancti Mameti de Nandor, sancti Iacobi de Mera **stipatas de familia mea ab integro**. in Besancos sancto Mamete de Larido, et sancto Georgio de Castroboimir **ab integro stipatas** de familia mea (...) in dexteris lucense uilla de Benati de **mea pressura stipata** de mea familia per suis terminis (...) in monte Lappio ecclesia

sancte Marie uirginis **stipata de familia mea in omnique circuitu per suis terminis antiquis**. (ano 747; Floriano Cumbreño, Diplomática española del período astur, nº 5; Risco, M., España Sagrada, 40-41, nº 10; García Conde, Documentos Odoarianos, nº 1, en CODOLGA)

et illa uilla in giro que desuper mandamus **stipata** de nostra familia, his perhactis precepimus edificare ecclesiam in nomine sancti Iuliani de Boccamalos (...) ecclesia sancte Eulalie de Macedoni ubi posuimus Macedonio et **ipsa uilla integra stipata de familia nostra per suis terminis antiquis ab omni integritate** (ano 757-s.d García Conde, Documentos Odoarianos, nº 4; datado en 760 por Floriano Cumbreño, Diplomática española del período astur, nº 5; en c. 760 por Risco, M., España Sagrada, 40-41, nº 10; en CODOLGA)

Non debe sorprendernos a grafía con *v* (e non *b*) das atestacións medievais que rexistran a forma romance, dada a posición intervocálica da consoante; do mesmo xeito, á beira de *po-boo*, *pibidal*, *riba*, etc., podemos atopar igualmente *povoo*, *pividal*, *rivas* (e *arriva*, *Rivadavea*) ou exemplos semellantes, que as normas ortográficas vixentes na actualidade prescriben con *b* porque a consoante responde a un *p* do étimo latino.

4. ETIMOLOXÍA

Na toponimia actual da vertente meridional pirenaica existen topónimos *La Estiva*, *L'Astiba* e semellantes que corresponden a apelativos rexistrados na documentación medieval en latín (séculos IX-XII) como *estiva*, *aestiva*, *stiva*... Desde Menéndez Pidal véñse considerando que estas formas medievais pertencen á familia léxica de *AESTAS* e *AESTIVUS*, e atribúeselles o significado de “lugar fresco donde permanece el ganado durante el verano” (LHP s.v. *estiuu*, *aestiuu*, *estiva*, *stiuu*, *stiva*). Non hai dúbida de que eses topónimos aragoneses e navarros designan pastos de montaña, mais non dispomos de información que nos permita confirmar que en efecto proceden dese étimo unanimemente aceptado. De ser así, a relación desas *estivas* coas galegas e portuguesas sería a dunha mera coincidencia homonímica. Así e todo, cabe salientar que estas *estivas* pirenaicas corresponden a un terreo cercado, “cerrado, o al menos delimitado, en el que se señalan entradas y salidas o límites” na documentación medieval (Vaquero 2005: 523).

É probable que sexan esas formas da toponimia do Pireneo, e a explicación aceptada para elas, o que leva a Corominas a non vincular o galego *estivada* (“la roza que se hace en el monte para quemar la broza y después arar la tierra y sembrarla de trigo o centeno”) co verbo *estibar* e a propoñer tamén para ela a etimoloxía a partir de *AESTIVUM* (DCECH s.v. *estío*). É esta unha hipótese que presenta dificultades semánticas e fonéticas. O filólogo catalán non desenvolve a razón semántica da súa etimoloxía, pero cabe supoñer que a apoia no feito de que as queimas se fan supostamente no verán, tal como argumentaba Sarmiento, a quen segue literalmente Corominas, sen citar a fonte, na definición do vocábulo. As dificultades fonéticas teñen que ver coa conservación do *v* do étimo, que se perde noutras voces patrimoniais emparentadas con *AESTIVUM*, tanto en galego e portugués coma no castelán (gal. *estío*, *estiaxe*, *estear-estiñar*; cast. *estío*, *estiaje*...) e só se conserva en termos que debemos considerar cultismos, isto é, latinismos incorporados á variedade literaria dos romances na idade moderna. O máis arraigado destes cultismos é seguramente o adxectivo *estival*, que só se rexistra en español e portugués a partir de finais século XV (Nieto / Alvar 2007: s.v.; Houaiss 2004: s.v.) e en francés é raro antes do XVI (Bloch / Wartburg 1975: s.v.). Tampouco son patrimoniais os verbos *estivar* (esp. port.), *estiuar* (cat.), *estiver* (fr.), emparentados con *AESTAS* e *estío*, por máis que Alain Rey considere que este último, usado no francés contemporáneo unicamente desde mediados do XIX, está tomado dun antigo occitano *estivar*, e este só documentado no XIV na forma dun substantivo correspondente ao participio *estivada* (Rey 2005: s.v. *estiver*2).

A documentación medieval de Galicia permite apoiar unha etimoloxía para o galego *estibada* na dirección suxerida por Xoán Manuel Pintos e por Aníbal Otero, isto é, que non pertence á familia léxica emparentada con *AESTAS* e *AESTIVUS* senón que constitúe un derivado

de STIPARE. A diferenza doutros derivados deste, coma *estibar* e *estiba*, que son seguramente italianismos nas súas acepcións náuticas e relativas a cargamentos para almacenamento e transporte, o substantivo *estibada* constituiría unha voz patrimonial en galego.

O latín STIPARE adoita considerarse emparentado co substantivo STĪPES, -ITIS ('estaca, tronco, pau') e ten significados que xiran arredor das ideas de 'afirmar, apertar, comprimir', 'xuntar, amontoar' e 'cinxir, rodear, cercar'. Lewis & Short (s.v. *stīpo*) vinculan este verbo co grego *στέφω*, *στέφω* ('to surround, crowd upon'), e ademais dunha primeira acepción co valor de 'apertar, comprimir' (to crowd or press together, to compress), asígnanlle outra co significado de 'rodear' (to surround, encompass, environ...), ilustrada con exemplos coma o de Cicerón: *Catilina stipatus choro juventutis* ('Catilina rodeado dun coro de mocidade'). Gaffiot ofrece tamén eses dous significados: por unha banda *mettre dru, mettre serré, entasser* e por outra *mettre serré autour, entourer* (Gaffiot 2000: s.v. *stīpō*). O mesmo fan Ernout/Meillet (1985: s.v.) (*serrer, presser, entasser... / entourer étroitement*) e outras fontes lexicográficas latinas. Raimundo de Miguel (2000: s.v.) vincúlao co sánscrito *sthap* 'firmare' e glosa o participio STIPATUS como 'circumdatus, circumfusus'. No *Universal vocabulario* de A. F. de Palencia (1490) defínase do seguinte xeito: "*stipare es estibar, apretar, cercar en derredor, ceñir y ayuntar*" (Palencia 1967: s.v. *stipare*).

Son os significados de STIPARE como 'cercar, rodear, cinxir' os que concordan coas atestacións galegas medievais dese verbo e permiten interpretar o substantivo *estibada* na súa orixe participial: talvez a partir dunha [TERRA] STĪPATA. A orixe remota do significado 'cercar, rodear' debeu estar nun uso agrícola; posiblemente se cercaban os terreos chantando estacas vivas, para que prendesen e formasen sebes vexetais, e puido ser ese uso o que deu lugar ao galego *estibada*. Non sabemos se a definición que dá Pintos, facendo *estibada* sinónimo de *sebe*, responde á fala viva do momento ou se é máis ben unha dedución do pontevedrés a partir do étimo que lle atribúe. En calquera caso, Pintos coñecía sen dúbida o que dixera o seu admirado Sarmiento acerca de *estibada / estivada*, pero desbota as súas hipóteses etimolóxicas para propoñer esta nova, que consideramos atinada.

A partir do substantivo latino STĪPES ('estaca, palo hincado en tierra, tronco, ramo grueso', segundo R. de Miguel 2000: s.v.), ou dunha variante en -a, da primeira declinación, rexistrada por Isidorus de Sevilla en uso fitonímico³ e nacida probablemente como derivado regresivo de STĪPULA, poden explicarse algunhas voces románicas coma o antigo francés *estive* 'perna' (Rey 2000: s.v. *stipe*), fr. *estivale*, ital. *stivale*⁴, esp. *estival* ("bota de calzar" segundo a Real Academia Española no *Diccionario de Autoridades*, que o dá como italianismo), e con el o antigo español *estivo* 'zapato' (Nieto / Alvar 2007: s.v.), un galego *estibo* recollido co significado de 'rastrojo' por García de Diego, quen o remonta ao latín STĪPULUM (1985: s.v.), algunhas acepcións portuguesas de *estiva* con significados como 'leito de traves', 'grade de madeira' (Houaiss 2004: s.v.) ou o español *estiba* e *estibar* como 'castigo', 'castigar', propio do léxico de ambientes marxinais (Chamorro 2002: s.v.), que Corominas explica supondo que "en germanía, de la idea de 'apretar' 'atiborrar' se pasó a 'castigar'" (DCECH s.v. *estibar*), mais que tamén pode explicarse polo uso de STĪPES no latín medieval co significado de "furca, patibulum" (Forcellini 1965: s.v.) ou ben directamente a partir do significado de *estiva* ~ *estiba* como 'estaca, pau'. En relación con este último uso debemos considerar un substantivo feminino galego *estiva* que recolle dicionario de Porto (1900) defínndoo como "Paliza, en algunas partes" (Santamarina 2004: s.v.), coincidindo con Eladio Rodríguez, quen, recolle entre as acepcións de *estiva* as seguintes: "Seto, cercado de estacas o palos. / Cercado de matas y arbustos que rodea una heredad. / Cierre de una finca labrantía, que se hace con terrones; ESTIVADA. / Castigo, paliza, zurra de golpes: díronlle unha estiva de paus que o brearon." (Santamarina 2004: s.v.). Esta última acep-

³ "Stipa vocata propter quod ex ea stipentur tecta", in Isidorus Hispalensis Episcopus: Etymologiarum libri XX, Libro XVII, VII, 56.

⁴ Explicase como galicismo en italiano e español: "Dal fr. ant. *estival*, deriv. di *estive* 'gambo' che è il lat, *stipa*, estr. da *stipula*" (Devoto 1999: s.v.).

ción tamén é recollida por Valladares: “Castigo, zurra & Unha estíva de páus. Una zurra o mano de palos.” (Valladares inédito, 1896-1902, en Santamarina 2004, s.v. *estiva*).

En conclusión, debe admitirse que o substantivo *estibada* ou *estivada* pertence etimoloxicamente á mesma familia léxica de *estibar*, remonta ao verbo latino *STĪPARE*, relacionado co substantivo *STĪPES* ‘estaca’ e a súa variante *STĪPA* ‘id’, e tiña por significado orixinario o de ‘terreo cercado’. Fronte á tradición de escribilo con *v*, maioritariamente seguida polos lexicógrafos, en galego debería escribirse con *b*, tal como fan Pintos, Carré ou Elixio Rivas (Santamarina 2004: s.v.), e tal como vén ditaminando Comisión de Toponimia nos topónimos que conteñen estas formas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Academia das Ciéncias de Lisboa (2001): *Dicionário da língua portuguesa contemporânea*. Lisboa: Editorial Verbo.
- Alcover, A.M. / F. de B. Moll / M. Sanchis Guarner (1993): *Diccionari català-valencià-balear*, Palma de Mallorca: Moll. [http://dcvb.iecat.net/]
- Alonso Estravís, I. (1995): *Dicionário da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Bloch, Oscar / Walther von Wartburg (1975): *Dictionnaire étymologique de la langue Française*. Paris: Presses Universitaires de France.
- Cicerón, M. T., *Pro Murena*: <http://www.thelatinlibrary.com/cic.html> (último acceso 13-XI-08)
- Chamorro Fernández, María Inés (2002): *Tesoro de Villanos, diccionario de germanía*. Barcelona: Herder.
- CODOLGA = López Pereira, J.E. (dir.) (2006-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [http://balteira.cirp.es/codolga/consulta.asp] [último acceso: 13/11/2008].
- Cunha, António Geraldo da (2007): *Vocabulário Histórico-Cronológico do Português Medieval*. Rio de Janeiro: Ministério da Cultura. [CD. Vers. 1.0 abril 2007]
- Dauzat, A. / J. Dubois, J / H. Mitterrand (1964): *Nouveau dictionnaire étymologique et historique*. Paris: Larousse.
- DCECH = Corominas, J / J.A. PASCUAL (1980-1991): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Madrid: Gredos.
- Devoto, Giacomo (1999): *Avviamento alla etimologia italiana*. Milano: Mondadori
- DRAE = Real Academia Española (2001²²): *Diccionario de la lengua española* [http://buscon.rae.es/drae/]
- Ernout, A. / A. Meillet / A. André (1985): *Dictionnaire étymologique de la langue latine*. Histoire des mots. Paris: Klincksieck
- Ferreira, Aurélio Buarque de Holanda (1999): *Novo Aurélio Século XXI: O dicionário da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.
- Forcellini = Furlanetto / Corradini / Perin / De Vit (1965): *Lexicon totius latinitatis ab Aegidio Forcellini (1864-1926)*. Bologna: Forni.
- Gaffot, Félix (2000): *Le grand Gaffot. Dictionnaire Latin-Français*. Paris: Hachette.
- García de Diego, Vicente (1985²³): *Diccionario etimológico español e hispánico*. Madrid: Espasa Calpe.
- Houaiss, Antônio (2004): *Dicionário eletrônico Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Editora Objetiva [versão 1.05 Setembro 2004]
- Lewis & Short = *Lewis and Short's Latin-English Lexicon* (Lewis, Charlton / Charles Short (1879) *A Latin Dictionary; Founded on Andrews' edition of Freund's Latin dictionary*) [http://www.lib.uchicago.edu/efts/PERSEUS/Reference/lewisandshort.html] [último acceso: 13/11/2008].
- LHP = Menéndez Pidal, R. [Rafael Lapesa / Constantino García; ed. de M. Seco] (2003): *Léxico Hispánico Primitivo*. Madrid: Espasa Calpe.
- Machado, José Pedro (1977²⁴): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Miguel, Raimundo de (2000): *Nuevo diccionario latino-español etimológico*. Madrid: Visor.
- Morais Silva, António de (1958¹⁰): *Grande dicionário da língua portuguesa*. Lisboa: Ed. Confluência.
- Navaza, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.

- Nieto Jiménez, L. / M. Alvar Ezquerra (2007): *Nuevo tesoro lexicográfico del español*. Madrid: Arco Libros.
- Palencia, Alonso F. de (1967): *Universal vocabulario en latín y en romance* [1490]. Madrid: Comisión Permanente de las Academias de la Lengua Española. [<http://www.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=14655>]
- Pena, Xosé Antonio *et al.* (2004): *Gran dicionario Cumio da lingua galega*. Vilaboa-Vigo: Edicións do Cumio.
- PMI = Academia das Ciéncias de Lisboa (1961): *Portugaliae monumenta historica: a saeculo octavo post Christum vsque ad qvintvmdcimmv*. [PMH, 1856-1961] Lisboa: Tipografía da Academia.
- Real Academia Española (1984 [1739]): *Diccionario de autoridades*. Ed. facsímile. Madrid: Gredos [<http://buscon.rae.es/ntlle/SrvltGUILoginNt-llle>]
- Ramírez Vaquero, Eloísa (2005): "Léxico de los recursos naturales. Navarra, s. XI-XV. in VV. AA: *Les ressources naturelles des Pyrénées du Moyen âge à l'époque moderne. Actes du Congrès international RESOPYR I*, Font-Romeu, 8-9-10 novembre 2002. Perpignan: Presses Universitaires de Perpignan, pp. 460-523. [<http://www.univ-perp.fr/modules/ressources/download/documents/docs%20crhism/RESO%2020.doc>]
- Rey, Alain (2000³): *Dictionnaire historique de la langue française*. Paris: Dictionnaires le Robert.
- Rey, Alain (2005): *Dictionnaire culturel en langue française*. Paris: Dictionnaires Le Robert.
- Santamarina, A. (ed. e dir.) (2004³): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- Segura Munguía, S. (2001): *Nuevo diccionario etimológico latín-español y de las voces derivadas*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- TMILG = Varela Barreiro, X. (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>] [último acceso: 13/11/2008].